

Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e Abanca Corporación Bancaria, SA para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa #DescubreGaliciaenOutono, a través dos bonos turísticos

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Abanca Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que se van convocar no marco do programa #DescubreGaliciaenOutono para fortalecer o sector turístico de Galicia, estimulando a realización de viaxes fóra dos meses de verán, con pernoctación e dentro do ámbito autonómico, entre a cidadanía galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector turístico, estimulando a demanda interna de aloxamento turístico co obxectivo de favorecer a desestacionalización da actividade turística e contribuír con iso a dinamizar a economía e o emprego turístico.

A concesión destas axudas farase efectiva a través dos bonos turísticos, que poderán ser utilizados polas persoas físicas maiores de idade residentes en Galicia nos establecementos turísticos de aloxamento e nas axencias de viaxes radicados na Comunidade Autónoma de Galicia



e adheridos ao programa, segundo as condicións de participación establecidas na resolución pola que se estableza o procedemento de concesión dos ditos bonos.

Segundo.- A entidade Abanca Corporación Bancaria, SA, resultou seleccionada como entidade financeira colaboradora na entrega e distribución dos fondos do Programa Bono Turístico #DescubreGaliciaenOutono, a través dos bonos turísticos ao abeiro da Resolución do 19 de setembro de 2023 pola que se convoca o procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa #DescubreGaliciaenOutono a través dos bonos turísticos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

